

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Bases do XXIV Certame Literario de Poesía e Narración Breve, Cambre 2017

Por Resolución de Alcaldía núm. 575/2017 de data 07/04/2017 aprobáronse as bases do XXIV Certame Literario de Poesía e Narración Breve, Cambre 2017. A continuación transcríbese integramente o texto:

BASES XXIV CERTAME LITERARIO DE POESÍA E NARRACIÓN BREVE, CAMBRE 2017

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos cumpridos antes da data límite de presentación das propostas, segundo as seguintes categorías:

CATEGORIA A: de 12 a 14 anos

CATEGORIA B: de 15 a 18 anos

CATEGORIA C: de 19 a 26 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades: Poesía e Narración breve. Na modalidade de poesía presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima será de cinco páxinas por unha soa cara e o tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.

CUARTA.- Deberán estar escritos con ordenador, en papel de tamaño A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12; paxinados e sen asinar. Entregaranse orixinal e cinco copias nun sobre no que figure: XXIV CERTAME LITERARIO, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado levará xunto un sobre pechado no que, por fóra, deberán figurar os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén datos persoais e fiscais.

QUINTA.- Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos Institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a:

Concello de Cambre – Área de Cultura, Deportes e Mobilidade.

Río Barcés, 8 - 15660 Cambre

SEXTA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar desertos calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados. O importe dos premios será de:

CATEGORIA A: 1º Premio: 173,00 € 2º Premio: 128,00 €

CATEGORIA B: 1º Premio: 218,00 € 2º Premio: 150,00 €

CATEGORIA C: 1º Premio: 300,00 € 2º Premio: 173,00 €

SÉTIMA.- Aos premios practicaráselles as retencións legalmente establecidas. Con carácter previo á concesión comprobárase de oficio que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

De non cumprir estes requisitos, han de emendarse polo premiado e acreditarse ante o concello antes do 30 de setembro de 2017. De non emendar e comunicar ao concello neste prazo, declararase a perda do dereito ao pagamento do premio polo interesado.

OITAVA.- A data límite de entrega de traballos será o día 10 de maio de 2017.

NOVENA.- A composición do xurado darase a coñecer no acto de entrega de premios, que terá lugar no Salón de Actos do instituto de secundaria David Buján, o día 16 de xuño de 2017 ás 12:30 h.

DÉCIMA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría.

UNDÉCIMA.- Os traballos non premiados poderán ser solicitados polos seus autores ata un mes despois de que se faga público o fallo do xurado. Aqueles que non sexan reclamados destrúanse pasado este prazo.

DUODÉCIMA.- O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.”

O alcalde

Óscar A. García Patiño

FICHA DE INSCRICIÓN
XXIV CERTAME LITERARIO DE POESÍA E NARRACIÓN BREVE
CAMBRE 2017

Modalidade:.....

Categoría:.....

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:.....

NIF:

Domicilio:

Código Postal: Localidade:

Data de nacemento: Idade:

Tfno: /

Correo electrónico:

Centro de estudo/traballo:

Datos do representante legal (se o autor/a é menor de idade e non é titular da conta bancaria)

Relación co premiado:

Nome e apelidos (pai, nai ou titor)

DATOS FISCAIS

Titular da conta bancaria: (O titular da conta bancaria pode ser distinto do premiado no caso en que o premiado sexa menor de idade e/ou careza de conta aberta en entidade financeira da súa titularidade)

Nome e apelidos: NIF:

IBAN □□□□ □□□□ □□□□ □□ □□□□□□□□□□

BIC

....., a de de 2017

Asdo.

Os datos incluídos nesta ficha serán incorporados a un ficheiro manual e automatizado propiedade do Concello de Cambre. Segundo a lei orgánica 15/1999 de protección de datos, vostede poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito ao Concello de Cambre- Área de Cultura, Rúa Río Barcés, 8, 15660 Cambre ou á dirección de correo electrónico areacultura@cambre.org.